



...eramos moitos e as táboas estaban medias podres, con tanto peso fomos todos abaixo e caemos dentro do cortello do porco. O pobre porco levou tal susto que quedou arrinconado contra unha esquina berrando, e nós enfrascadiños de merda ata as orellas chamando pola nosa tía ...

Os nosos pequenos escritores e debuxantes

II



Presentación

A segunda entrega do inicio literario dos nosos pequenos escritores –ilustrados por eles mesmos ou polos participantes no concurso de debuxo- que o lector ten nas mans, responde á divulgación dos traballos presentados ata o “ X Certame de narración curta e debuxo” celebrado no ano ano 2002.

O criterio de selección foi o establecido polos distintintos xurados que premiaron os escritos atendendo as bases que establecían un premio por nivel académico, polo que quedan fóra páxinas que non acadaron os primeiros premios, algunhas delas interesantes, e están todas as que son, xa que o concurso nunca se declarou deserto en ningunha categoría. Extraviaronse, porque habelas hainas, as que participaron no ano 1995 polo que non aparecen nestes caderniños divulgativos.

Reiteramos o noso profundo agradecemento as persoas de ben que fan posible que este labor estea nas mans de todos, homes e mulleres que dedican o seu tempo e esforzo a potenciar a cultura.

Todo isto non sería posible sen os participantes, ós que entre os mestres, os agasallos, as súas ganas de escribir e debuxar, as familias –ás veces personaxes introducidos nas tramas-, os membros da asociación e agora coa publicación destes cadernos queremos seguir alentando a que continúen co esforzo creador.

Cela, ano de 2003

Unha aperta, Danxadeira.

Ano 1998.

Tema:¿Que pasaría se...?


¿...NON EXISTISEN PEIXES?

Non poderíamos comer bacalao, sardiñas nin xurelos; habería que comer sempre carne e pastas e cando nos aburriramos ¿que comeríamos?

¿Nosos pais a onde irían a traballar? Terían que traballar de albaneis, gardamontes...

Poderíamos ir ás bateas a buscar mexillóns, ostras... e iríamos a pescar vieiras..

Collería un autobús e un tren e iríame deste país para ver se había peixes para alimentarnos mellor noutro sitio.



¡QUERO
COMER
PEIXEEE...!

Yosua Pena Parada. 3º de primaria.1998.


¿DE NON EXISTIR O SOL?

Se o sol non existise sería sempre de noite e estaríamos case sempre durmidos, as temperaturas serían moi frías e estaría chovendo sempre.

Para a xente é moi importante o día porque se non traballarían ás escuras e non poderían ver o que facían. Pero pode que no ano dous mil setecentos non houbera sol, iso non se pode saber, o mesmo que se non traballásemos non teríamos comida nin alimentos.

A min non me gustaría vivir nun mundo sin sol. ¿A quen lle gustaría?:Vós imaxinade o día das Letras Galegas e o fin de curso de noite.

Só espero que no mundo enteiro non falte a luz do sol e da lúa.



Romina Portela Fernández 4º curso.1998.


¿ SE NON HOUBESE GUERRAS?

A paz é moi importante. Un mundo cheo de paz sería o máis bonito. As guerras son perxudiciais, matan a homes, mulleres e nenos que non teñen culpa.

Os países e continentes que máis sofren guerras son os máis pobres como o continente Africano. Son tan pobres que non teñen cartos para comprar ferramentas para protexerse dos ataques. Nin comida.

Nós mandámoslle comida pero son tantos habitantes que non chega para todos, e algunhas veces asaltan os camións cheos de alimentos.

Non só temos que preocuparnos polo que pasa noutros países, tamén hai que preocuparse polo que pasa aquí. Case sempre estamos a pelexar cos nosos compañeiros do colexio sen ter un porqué. Iso hai que evitalo, facéndose amigos de todo o mundo e se algún é malo hai que convencelo para que se volva bo. A paz é moi bonita e hai que facer todo o posible para que no mundo haxa moita.



Cando o mundo estea cheo de paz, estará cheo de cousas boas.

Sheila Lobeira
Martínez.5º curso
.1998.

¿ SE FOSEMOS SEMPRE NENOS?

NENOS PARA SEMPRE

Éranse unha vez cinco rapaces chamados Xoaquín, Xurxo, Bieito, Xosé e Mano; estaban xogando ó escondite, cando de súpeto atoparon unha cova. Foron entrando e avistaron unha fonte, que botaba auga: unha auga cristalina, clara, na que un podía verse reflectido nela. Os rapaces quedáronse máis de cinco minutos pasmados mirando. De repente escoitaron unhas voces que os chamaban de fóra; saíron. Miraron que eran as súas nais as que os chamaban. E tivéronse que ir.

Ó día seguinte estaban a xogar ó fútbol cando Xoaquín (que era o máis ousado), quiso ir outra vez á fonte. Os outros seguíronno.

Estaban observando a fonte cando escoitaron:

-Bébeme e non medrarás máis.

Xoaquín bebeu, e como non lle pasaba nada, os demais tamén beberon

Pasaba o tempo e non medraban; contáronllo ós seus pais. Os pais levaron ós rapaces ó médico. Este díxolles que non ían medrar máis.

Pasaban os anos, os seus compañeiros medraban e eles seguían sendo nenos. Xogaban, pasábano ben, sen facerse maiores e sen medrar. Eran felices e non lles importaba o que dixera a xente.

Idoia Durán Pouso 6º de Primaria.1998.

¿SE AS PERSOAS VIVISEN SOAS?

Sería unha das peores cousas que poderían pasar no mundo. Moitas persoas preguntaranse por que sería tan malo. Pois resumiríao todo nunha palabra: "SOIDADE". E unha palabra horrible e que fai sufrir. Estiven soa moito tempo e é algo que sabe amargo e senta moi mal, non llo desexaría a ninguén.

A min ocorreume sen máis, é algo durísimo polo que hai que pasar. É un dos atrancos que se poñen no camiño e que preferiría morrer antes de estar nun mundo tan cruel.

Síntome valeira só estou eu e teño que saír adiante e pensar de forma positiva.

Se estás moito tempo neste estado ata podería

ocorrer que xa non soubeses vivir en compañía. Non é bo acostumarse moito. É un mal trago polo que algunha vez hai que pasar.

Cando tes moitos amigos e estás en compañía é difícil pensar que iso vai ocorrer.

Se tódolas persoas vivisen en soidade o mundo enteiro sería unha ruína, non habería remedio e tarde ou cedo deixaríamos de existir. Morreríamos de tristeza.

O que máis desexo neste mundo é a felicidade, cousa que creo que nalgúns corazóns non existirá.

Marina Nogueira Gómez 1998.1º E.S.O.

¿SE COÑECESE O MEU GRUPO DE MÚSICA PREFERIDO?



O conto vai entre a miña amiga máis eu. Nós temos 14 anos e como moitas rapazas da nosa idade estamos toliñas polos Backstreet Boys, e para quen non entenda, "Os rapaces da rúa de atrás". Pois o que imos contar é o que pasaría se os coñecesemos, se os tivesemos moi cerca ou se separasen. Moita xente dirá: ¡fariades un escándalo!...

Chorariades, berrariades...etc.;pero nós pensamos que se os tivesemos diante primeiro peliscariamonos, fregarimo-los ollos, e, cando voltasemos en si, abrazariámo-los tanto que se puidesemos non os soltariamos máis.

Nós sempre pensamos o que pasaría se iso sucedese. Decimos que os conquistariamos, que seriamos-lo seu gran amor, casariamonos con eles e teriamos unha gran familia ou sexa familia numerosa. ¡Home! non vaiades pensar que como son cinco iamos a casar cos cinco. As rapazas de agora son modernas pero non tanto, o que pasa é que cada unha ten o seu preferido.

O que menos nos preguntamos é o que pasaría se o grupo se separase. Se iso pasase sería unha loucura para nós, seguro que daquela nos desmaiaríamos, gritariamos e chorariamos. Sería... ¡Por Deus que non suceda iso!, porque a nós gústanos moito.

A xente di que iso é cousa da idade, que co tempo tódolos pósters e discos quedarán no moble vello. ¿Que pasaría se pasase iso?, pois...ó mellor pasa porque nós somos así.



Ana Belén Otero Patiño. 2º de ESO. 1998.

Ano 1999

Tema: Meu avó contoume un conto...

PASEANDO POLO MONTE

Unha vez estaba co meu avó paseando polo monte e díxenlle que me contara unha historia.

¡ E ben, empeza así !:

Unha rapaza que se perdera no bosque atopou unha variña longa que na punta tiña unha estrela. Na punta da estrela tiña un rubí morado no que se miraba a traveso del. Pero ó mirar víase unha casa que debaixo poñía: " Devolvela a esta casa".

A rapaza foi polo bosque buscando a casa, ata que mirou a punta dun tellado. Mirou a variña e era a mesma casa, acercouse á porta, timbrou e saíu unha bruxa vella.

Díxolle a rapaza:

-Atopei unha variña no bosque, ¿ é súa, señora ...?


Respondeu a bruxa:

-¡ Clotilda ! Si, é miña e por devolverma concédoche un desexo. ¿ Que queres ?

E respondeu a rapaza:

-Volver á miña casa.

E a bruxa dicindo unhas palabras fixo volver á súa casa á rapaza.



Sarai Gómez Juncal. 3º curso de primaria. 1999.

O PRÍNCIPE CINCENTO.

Érase unha vez un príncipe moi sucio, baixiño e delgado. Tiña tres irmáns grandullóns e peludos que sempre saían coas súas noivas á discoteca mentres el quedaba na casa a facer a limpeza. Por iso se chamaba Príncipe Cincento.

Ó príncipe gustaríalle ser forte e peludo.

Un sábado pola noite mentres lavaba os calcetíns, caeu pola cheminea unha fada madriña. A fada concedeulle os seus desexos: ir á discoteca e ser alto, forte e peludo como os seus irmáns.

A fada madriña era un desastre: primeiro convertiu unha lata nun coche moi pequeniño, despois convertiu ós seus farrapos nun traxe de baño e o peor, convertiu ó Príncipe Cincento nun mono feo e peludo. Colleu o seu minicoche e marchou á discoteca; pero non puido entrar e marchou á parada de bus onde estaba a Princesa Lindapasta.

A Princesa Lindapasta asustouse ó ver aquel monstro grande e peludo. Nese momento deron as doce da noite e o feitizo desfíxose. O Príncipe Cincento volveu ser como era antes. Escapou correndo e perdeu os pantalóns.

Ó día seguinte a princesa Lindapasta anunciou que se casaría co dono daqueles pantalóns. Moitos príncipes foron ó palacio e probaron os pantalóns. Tamén foi o Príncipe Cincento e foi o único que puido poñelos. Así puido casar e foron moi felices.

Abraham Tenorio Pena.4º de Primaria.1999

A LENDA DO MAR

Meu avó, que foi mariñeiro, contoume unha lenda que se oía antigamente nos barcos de pesca:

Nun día tal coma hoxe hai moitos anos, un barco chamado María do Carmen saíu para o mar do Canadá. Polo camiño atoparon mal tempo, as ondas eran moi grandes e o vento era fortísimo. Ó chegar ó lugar da pesca os mariñeiros botaron as redes ó mar. Cando xa ían recoller a súa pesca, levantouse un forte temporal e, unha gran onda, tirou cun home ó mar o cal non tivo tempo de protexerse. Os seus compañeiros intentaron rescatalo pero non foron capaces xa que o mar levouno lonxe da súa vista.

Pasado todo un día sen conseguir atopalo chamaron á súa familia para darlle tan fatal nova xa que pensaron non volver a velo con vida pois a auga estaba moi fría.



Cal sería a súa sorpresa ó amencer do día seguinte cando miraron ó lonxe un banco de focas que protexía algo: era o mariñeiro perdido que inda estaba vivo anque medio conxelado. Cando o colleron para o barco contoulles o que lle pasara, como as focas lle deran calor pódose ó seu arredor e como tamén evitaran que unhas gaviotas lle peteiraran o cerebro salvándoo así dunha morte segura. Por iso, inda hoxe en día, tódolos mariñeiros sinten un gran afecto polas focas e, cando caen nas redes dalgún pesqueiro, trátanas ben e devólvenas ó mar.

Nerea Acuña Pazó 5º curso de primaria. 1999

O EMIGRANTE GALEGO


Un día soleado de primavera, decidimos ir a familia de excursión á montaña. Cando chegamos puxémonos a comer. Máis tarde, despois de recoller todo, a familia

púxose a xogar á baralla, menos meu avó e máis eu. Nós fomos dar un paseo, ata que chegamos xunto dunha árbore, na que sentamos ó seu pe; alí estáse moi ben. Entón meu avó

preguntoume se me gustaría

que me contase un conto. Eu díxenlle que si. Entón comenzou a contarme o conto que di así:

- "Hai moitos anos, cando eu era novo, a vida era moi dura, non había tantas comodidades nin luxos, estudiabas só o fundamental, ou sexa, que con saber ler e escribir xa era suficiente, e había que traballar moi duro no campo.



Debuxo de Aleiandro Gallego Castro. 2º. 1999.

Antes, a xente vivía máis do campo, traballábase máis e o que se collía era o sustento da casa, polo que moita xente trataba de mirar outra posible saída.

Entón oía falar a moita xente que ía probar sorte no estranxeiro polo que tamén me decidín a marchar. Cando cheguei ó estranxeiro quedei abraiado da cantidade de xente coñecida que alí atopei. Coma min deixaban a súa familia lonxe e viñan traballar para poder gañar cartos e mandar vir a súa familia.

Pasado algún tempo, as cousas xa me ían bastante ben porque xa atopara un traballo, mandeille cartos á miña familia e díxenlles que se a cousa seguía indo ben, os mandarí vir xunto a min. Como así foi, ó cabo dalgún tempo máis, xa os tiña comigo. E así pasaron os anos da nosa vida, nós volvémonos algo máis vellos e os nosos fillos medraron, pero a ilusión de volver á túa terra cada vez é maior, e esa ilusión vala transmitindo ós teus fillos, ata que un día, ves uns cartiños aforrados e decides ir a túa terra.


Ó chegar á terra daste conta de que aquilo que deixaches non é igual, e que non tes unha casa boa, nin un coche... Polo que decides empezar a gastar o que gañaches no estranxeiro e cando logras ter algo feito daste conta que hai que volver a ir gañar máis cartos, porque sempre fan falta, e decides marchar de novo.

Unha vez no estranxeiro volves traballar para algún día volver e quedar para sempre; pero entón daste conta

que a túa vida é no estranxeiro porque é a que che dá o futuro. E cando te dás conta eres vello; pero volves coa ilusión de que esta vez vas para a túa casaña que tanto traballo che dou chegar a ela.”

Ó final da historia, o meu avó díxome que se sabía o qué era máis triste de todo isto; díxenlle que non; contestoume que o máis triste é que cando estás aquí non eres galego e que cando estás alá eres galego, polo que te dás conta que non eres dun lado nin doutro; pero ti seguirás sendo toda a túa vida un galego con moita morriña pola túa terra.

Melisa Garrido Antón.6º curso.1999.




Debuxo de Ángel Estévez Pastoriza.4 anos.1999.

Ano: 2000

Tema: Érase unha vez...

“HABÍA UNHA VEZ”

Había unha vez un caracol envexoso porque a súa cuncha non tiña cores como as doutros animais. ¡Cores chismosas! Dícialles. Pero un día ocorriuselle unha idea: ía marchar á casa do señor Gusano que era pintor .



Don Gusano pintoulle a cuncha de coloríns e el quedou moi contento.

Cando o caracol ía para a súa casa comenzo a chover e despintóuselle a cuncha e quedou moi triste. Atopouse cos seus veciños e dixéronlle:

-¡Caracoliño, gústanos igual!

-¡Gracias amigos!, tedes razón, fun moi parvo.¡Eu son así!- contestoulles.

Isaac Arce Arcay.3º curso.2000.

LAURA

Laura tiña un irmán máis pequeno que se chamaba Bruno. A nai mandou a Laura á panadería.

Bruno dixo:

-¿ Mamá podo ir con Laura?

-Non, porque para ir á panadería hai que cruzar a estrada-dixo a nai-.


De aí a un pouco tempo Bruno empezou a poñerse celoso porque pensou que os pais tiñanlle máis aprecio a Laura.

Un día saíron todos a dar un paseo. Cando volveron a casa non tiñan chave para abri-la porta porque se esquenceran das chaves dentro.

Bruno e a súa familia foron correndo para a porta de atrás, pero tiña a cadea.

Bruno puido pasar aínda que tivese a cadea e abriu á súa irmá e ós seus pais.

Daquela todos quedaron moi orgullosos de Bruno.



Debuxo de Kimberly Paz Vázquez 5 anos.2000.

Raquel Estévez Rodríguez. 4º curso 2000.

O LIBRO MÁXICO

Hai moito tempo, unha nena loura chamada Ana pediulle cartos á súa nai porque quería comprar un libro. A nai díxolle que no faiado había moitísimos libros vellos, e que ó mellor lle gustaría algún.

Deulle a chave do faiado e Ana foi correndo. Despois de rebuscar durante algún tempo atopou un libro en perfecto estado, moi chamativo, titulado "O Dragón".

Comezou a ler e entón...¡O libro tragouna!. Non sabía o que lle sucedera e cando viu ó seu arredor, mirou un lugar totalmente distinto ó seu faiado.

Era unha aldea totalmente destruída, só quedaba unha casa en pé. Ana encamiñouse cara á casa e chamou á porta. Saíu un señor xa maior, sobre uns oitenta anos,



Debuxo de Adrián Estévez Pastoriza.2º.2000.

que a invitou a entrar. Ana preguntoulle que sucedera, porque estaban tódalas casas destruídas. O ancián contestoulle a tódalas súas preguntas dicindo que na montaña vivía un feísimo, malvado e feroz dragón, que era moi listo e astuto; polo que ninguén quería enfrentarse a el. Só un cabaleiro moi valente, tivera o valor de enfrentarse, nun combate desigual, no que resultou gravemente ferido; feridas das cales aínda non estaba recuperado.

Nese mesmo instante, oíuse un forte e grande ruxido, que estremeceu a Ana.

Cando volveu mirar cara o ancián, xa non estaba alí. O corazón latexáballe a cen por hora. Non sabía onde esconderse dese feroz dragón.

De súpeto o teito se eleva e mira a horrible faciana do dragón, que coas garras, colleuna e levouna cara á montaña. Alí encerrouna nunha alcoba durante tres días e tres noites.

Ana, tódalas noites sentía berrar ó dragón e non sabía o que lle pasaba.

Un día o dragón tiña tanta dor que non facía máis que berrar. Ana díxolle que ela podía quitarlle esa dor, se lle deixaba ve-lo que tiña. O dragón acercouse e comentoulle que lle doía unha moa, que por iso sempre estaba de moi mal humor. Ese era o motivo polo que era tan agresivo.

Ana colleu unhas pinzas moi grandes que había enriba dunha mesa, e púxollelas na boca ó dragón, suxeitándolle con elas a moa. Díxolle que cando contara tres a axudase a tirar polas pinzas. Así o fixeron e de súpeto, caíron as pinzas coa moa.


Ana comentoulle que se non quería volver pasar pola mesma dor, tiña que lava-los dentes despois de cada comida.

O dragón xa non sentía dor, polo que estaba moi agradecido e que faría o que lle pedise.

Ana díxolle que quería volver á súa casa.

O dragón colleuna e púxoala no seu lombo e díxolle que se collera ás súas ás; que a ía levar a casa.

Sen saber como, Ana estaba no seu faiado, co libro tirado no chan, aberto na última páxina, onde aparecía un dragón debuxado dicindo: -¡Gracias!



Manuel Garrido Antón.5º curso.2000.

0 SEÑOR DOS SOÑOS

Había unha vez un señor chamada Xurxo que sempre estaba triste e morriñento.

Como sempre había rumores: uns dicían que estranaba a súa familia, outros que estaba tolo, e outros que so quería chama-la atención.

Un día chegou un forasteiro chamada Pedro e hospedouse na casa de Xurxo. O forasteiro estrañouse porque Xurxo sempre estaba triste e preguntoulle ós cidadáns do pobo. Estes respondéronlle cada un seu conto; pero ó oír á xente, Pedro douse de conta do que lle pasaba a Xurxo; era que estrañaba os soños.

Esa tarde Pedro falou con Xurxo, e este díxolle que facía un ano que non soñaba e que se sentía só.

Á noite seguinte, Pedro estivo a pé todo o tempo. Xurxo sabíao porque o sentira andar pola casa. Pedro pechouse na súa habitación e Xurxo quedou durmido.

A mañá seguinte, Xurxo levantouse moi ledo e contoulle a Pedro que tivera un soño, moi raro pero, ¡un soño!.

Pola tarde Xurxo estaba traballando no seu campo e cando volveu Pedro non estaba. Na mesa da cociña había unha carta que dicía:

“Ola Xurxo, sinto marchar tan pronto e sen avisar pero xa fixen o meu traballo; ti volves soñar e os meus trasnos estarán sempre contigo cando soñes, pero por desgracia non eres o único e teño que seguir axudando a esas persoas.”

Boa sorte

Pedro



Marina Acuña Loira.6º curso.2000.

Ano: 2001

Tema: Cando xogo

ARO

O meu pai fixome un aro de ferro e unha agulla, que é o ferro co que leva-lo aro.

Probei e non me saía. O meu avó sabe manexalo e sobe e baixa as escaleiras con el. Tamén saben manexalo as miñas primas, e, por suposto, o meu pai.

Meu pai díxome:


-Tes que practicar moito para que che saia ben.

Practicaba pola eira e os patos e as galiñas metíanse no medio. Daquela practico nun camiño que hai na miña casa. ¡E xa sei un pouco máis!

Cando me aburría practicaba sen parar e cada vez ía sabendo máis. Pero un día marchei de vacacións e olvídeime de leva-lo aro: perdín a practica e logo xa non me saía.: Enton practiquei moito, moito, moito, e...

¡Xa me volveu saír ben!

.....Noemí Besada Portela.3º curso.2001



Debuxo:Aarón
Villanueva
Lemos.5 anos.
Curso 2001

XOGO Á CACHIZA

Cando xogo á cachiza é moi divertido. ¿Como se xoga? Hai que coller un pau de carballo e cortarlle por unha punta un pouco a casca, pero que cha corte un adulto.

O pau xa o temos feito, e agora facemos a cachiza.


A cachiza faise cun pau de carballo duns 30 centímetros. Despois agúzanse as dúas puntas e no medio sácaselle a metade da casca.

Xa temos todo iso feito. Só nos queda escoller o sitio para xogar.

Cando escollamos un sitio facemos un redondel con xiz ou un pau: un círculo pequeno e outro grande separado. O burato que ten a cachiza ponse enriba do burato do pau, lánzase a cachiza ó aire e dásele co pau, coma ó beisbol.

¡É moi divertido!

Cristian Moares Entenza.4º curso. Ano 2001.



Debuxo de Lara
Rodríguez
Gallego. 4 anos.
2001.


CANDO XOGO Ó ESCONDITE

Un día estabamos os meus compañeiros e máis eu a xogar ó escondite. De repente apareceu unha bruxa, era feísima, tiña un gran no nariz, o pelo branco e longo e un gorro na cabeza. Asustounos e empezamos a correr, pero ela comezou a correr detrás nosa.

Cando nos cansamos paramos pero a bruxa seguía detrás e colleunos. Levounos para a súa casa, só nos quería para ter con quen falar e xogar.

Agora sempre imos á súa casa e pasámolo moi ben: contamos chistes, contos, historias e case sempre xogamos ó escondite.

Sabela Pérez Carballo. 5º curso. 2001.




Debuxo de Manuel Durán Freire. 3 anos. 2001.

NA CASA DUNHA TÍA MIÑA

Unha vez, hai uns anos, estaba xogando ó escondite cuns amigos, na casa dunha tía miña. Tiña un cortello para o porco, de feito de madeira e, ocorréusenos a todos ir a escondernos enriba do cortello.

Como eramos moitos e as táboas estaban medias podres, con tanto peso fomos todos abaixo e caemos dentro do cortello do porco. O pobre porco levou tal susto que quedou arrinconado contra unha esquina berrando; e nós enfrascadiños de merda ata as orellas chamando

pola nosa tía para que nos viñera abrir a porta; pero resulta que a miña tía non estaba na casa porque ía na viña a sulfatar. Entón inda tivemos que estar ben tempo alí dentro, co porco, uns a rir e outros a chorar, e a min entráron-



me ganas de vomitar no medio daquel cheiro apestoso; agantei canto puiden pero acabei por vomitar, era o que me faltaba para acabar de pringarme máis.

Cando chegou miña tía tamén se levou un bo susto ó oírnos berrar dentro do cortello do porco. Cando abriu a porta non podía crer o que estaba mirando. Enfadouse moito, botounos unha boa bronca e mandounos disparados cada un para a súa casa.

Cando cheguei, a miña nai miroume e díxenlle o que nos pasara. Non sabía se berrarme ou se rir.

¡Non nos quedou ganas de subirnos enriba dos cortellos!




Iris Alma García García.6º curso.2001.

Ano 2002.

Tema: O Mar

NON SE PODERÍA VIVIR

O mar para min é moi importante. Alí viven peixes, polbos, raias, tiburóns e outros animais.




Imaxinádevos un mundo sen mar: algúns deportistas non poderían facer esquí acuático, windsurf, etc.; non se podería vivir nin comer.

Nin tan sequera os gatos poderían comer nin unha espiña, teríamos que comer carne tódolos días e os da lonxa non terían cartos; ó mellor non habería auga nin para bañarse.

A ver, explicádeme: ¿como viviríamos sen árbores ou sen auga?

Yoel Parada Santos. 3º curso. 2002




Debuxo:
Daniel
Núñez
Cerviño.2º
curso
2002.

UN VELLO DO MAR

Había no noso pobo un vello mariñeiro que sempre nos contaba cousas do mar. Contábanos que el empezou a ir ó mar cando era aínda un neno. Daquela ía en barcos pequenos á pesca de baixura, saían a faenar pola noite e regresaban ó porto pola mañá para levar o peixe a vender na lonxa.

Pasados uns anos embarcou en barcos de altura, onde recorreu cáseque todo o mundo. Atopouse con temporais, onde a súa vida estivo moitas veces en perigo.



Debuxo de Martín Cabaleiro Davila. 1º curso. 2002

As veces o temporal era tan grande que o barco no cal traballaba naufragou. Pasou moito medo, pero como el dicía nunca o puido deixar xa que tiña muller e fillos ós que manter, e non sabía facer outra cousa; pero sobre todo, o mar gustáballe.

Co pasar dos anos, cando xa estaba xubilado non había día que puidese pasar sen saír a pescar na súa pequena barca.

Un bo día, coma sempre, saíu a pescar; pero de súpeto levantouse unha gran treboada. Nunca máis se soubo do vello, alí quedou para sempre no mar ó que tanto quería.

Andrea Malvido Fariña 4º de primaria 2002


INCESANTE MANANCIAL DE AUGA

O mar, o incesante manancial de auga que traga sen saber o que é, quen é, ou que poderá ser despois ese pozo longo e profundo que nunca chega ó final, onde tantos barcos, botes e ata homes padecen sen fin.

No fondo do mar quedan os restos, os grandes secretos quedan enterrados nese maldito e doce mar, pode con todo e con moito máis.

O azul do ceo resplandece no azulado mar, as súas algas son flores, as ondas levan e traen as mensaxes que ten oculto ese grandioso manancial de auga, que tranquilo e que fermoso a veces está.

Cando as súas ondas se enfadan é tan grande o enfado que cando miras para el, produce angustia, pena, desconfío e a dozura que el tiña queda nun pequeno olvido porque o mar, nunca está tranquilo.



Debuxo de Alba Lobeira Soage. 3anos. 2002.

Carla Santomé Couso. 5º de primaria. 2002.

NUN POBO PESQUEIRO

Nun pobo pesqueiro vivía un rapaz chamado Xosé. A pesar de que vivía nun porto pesqueiro non lle gustaba o mar.


A Xosé non lle gustaba o mar porque cando era máis pequeno perdeu ó seu pai nel, e nunca o volveu ver. Dende aquela bótalle sempre a culpa de todo o que lle pasa ó mar, porque non está o seu pai.

Xosé dende a súa casa mira sempre o mar e berra con el para preguntarlle onde está, suplicándolle que llo devolva.

Unha noite mentres Xosé miraba o mar apareceuselle o pai nunha rocha onde rompían as ondas. Xosé quería ir ata alá pero tíñalle medo.

Chamou á súa nai; pero cando se deu a volta o pai xa non estaba. Xosé díxolle unha e outra vez á súa nai que vira ó pai; pero a súa nai mirábao con ollos de pensar que o seu fillo estaba toleando pola perda do pai. Se seguía así pensaría en levalo ó psiquiatra.

Para que a súa nai non pensase que estaba tolo Xosé



Debuxo de Carmen Graña Lobeira.4 anos.2002.

pasouse toda a noite mirando cara ó mar. Desexaba voltar a mirar ó seu pai. ¡E mirouno! Xosé correu cara a el e non o podía crer. ¡O seu pai seguía vivo! Case lle dá mal e á sua nai tamén. Dende aquela Xosé mirou o mar con outros ollos; pero seguía téndolle respecto, porque hai que terllo.

.....Arantxa Novas Entenza. 6º curso.2002.



Debuxo de Aida Carballo Fazanes. 5 anos. 2002.